

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 28 DE NOVIEMBRE DE 2012 POLA QUE SE CREA A UNIDADE ESTRUTURAL "UNIDADE DE COORDINACIÓN DE LABORATORIOS" (UCLA)" NOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN****ANTECEDENTES**


- 1.- O artigo 2 do Regulamento dos Servizos de Apoio á Investigación, aprobado polo Consello de Goberno en data 4 de novembro de 2005, establece que "As unidades que compoñen actualmente os servizos, e sen prexuízo de futuras ampliacións ou modificacións, son as que figuran no Anexo I deste regulamento", e que "As unidades poderán ser creadas, modificadas ou suprimidas por resolución reitoral, tras o informe favorable da dirección dos SAI, da Comisión de Usuarios e co visto e prace do/a vicerreitor/a de investigación"
- 2.- Na súa reunión de 16 de xullo de 2012, a Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación acordou aprobar a proposta de creación dunha nova unidade estrutural denominada "Unidade de Coordinación de Laboratorios" (UCLA).
- 3.- Mediante escrito de data 16 de xullo, D. Jaime Rodríguez González, director dos Servizos de Apoio á Investigación, solicitou a creación de UCLA e a súa inclusión no Anexo I do Regulamento precitado.
- 4.- Con data 14 de setembro de 2012, o Vicerreitor de Investigación e Transferencia autorizou a creación da devandita unidade.
- 5.- A Creación da citada Unidade de Coordinación de Laboratorios non conleva en ningún caso incremento do persoal adscrito nin dos estados de gasto dos Servizos de Apoio á Investigación.

En atención aos precitados antecedentes,

**RESOLVO**

- 1º Crear a Unidade de Coordinación de Laboratorios, integrada nos Servizos de Apoio á Investigación
- 2º Incorporar a devandita Unidade no Anexo I do Regulamento dos Servizos de Apoio á Investigación, aprobado polo Consello de Goberno con data 4 de novembro de 2005

A Coruña, 28 de novembro de 2012



O REITOR

Xosé Luís Armesto Barbeito